

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Artigo 1º. Concepto.- De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co art. 20, ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola utilización das instalacións do Pavillón Polideportivo Municipal, que se rexerán pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ó pago.- Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, así como calquera outra entidade sen personalidade xurídica, que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este concello ou da utilización das instalacións a que se refire o artigo anterior.

Os importes das taxas reguladas nesta ordenanza serán os seguintes:

SERVICIO	PERSOAS OU ENTIDADES (EUROS)
Entrenamentos. Por hora.	3,606072
Partidos oficiais. Por hora	6,010121
Espectáculos deportivos que superen as 10 horas ata 24 horas.	150,253026
Espectáculos artísticos, recreativos ou similares que superen as 10 horas e ata 24 horas.....	180,303631

Espectáculo con cobro de entrada. Recargo do 50% sobre a tarifa.

1.- Para a publicidade establécense cinco zonas previo acordo da Comisión de Goberno sobre o seu emprazamento e condicións da mesma.

ZONA A (Círculo central do terreo de xogo)	1.202,024208 (euros/ano)
ZONA B (Fondo da zona de marcador): fracción.....	150,253026 (euros/ano)
ZONA C (Laterais altos) fracción.....	90,151815 (euros/ano)
ZONA D (Fondo entrada alto) fracción.....	60,101210 (euros/ano)

Artigo 3º.- Exencións.- Non estarán suxeitos á taxa de utilización as iniciativas do concello patrocinadas por el e os centros públicos de ensinanza do municipio.

Igualmente estarán exentos de taxas cando se realicen actos benéficos, sendo preciso a autorización expresa do Sr. alcalde ou concelleiro-delegado de deportes.

Non serán esixibles as taxas para equipos alevíns, Infantís, Benxamíns, Cadetes e Xuvenís, con motivo da promoción do deporte de formación polo concello e polos centros públicos de ensino do municipio.

Non serán esixibles as taxas para equipos federados integrados maioritariamente por mozos deste concello.

Artigo 4º. - Persoal discontinuo. - O persoal discontinuo necesario para a realización de cada acto (porteiro, taquilleiro, vixiante, etc.) será aportado polos seus organizadores. A necesidade de persoal deste tipo será fixada pola Comisión de Goberno ou alcaldía, atendendo á categoría da actividade a realizar, estando suxeitos os seus organizadores ás indicacións e directrices que se lles fixe.

Artigo 5º.- Solicitudes de utilización.- 1. As persoas, clubs, entidades, federacións, etc., que desexen utilizar as instalacións deberán solicitarlo por escrito cunha antelación mínima de 48 horas.

2. Para as actividades de carácter periódico deberá de solicitarse a utilización do pavillón polideportivo municipal antes do inicio das competicións, xuntando o calendario das mesmas e debendo advertir no concello de calquera alteración que se produza naquel.

3. As solicitudes, debidamente tramitadas, serán resoltas polo alcalde-presidente ou concelleiro delegado de deportes.

Artigo 6º.- Liquidación e recadación.-

1. A liquidación da taxa efectuarase pola Administración Municipal e o ingreso será efectuado a través das contas bancarias abertas a nome deste concello.

2. A Taxa aboarase no momento da concesión de utilización das instalacións e o encargado das mesmas non permitirá o acceso a estas se non se presenta a autorización de utilización e o xustificante de ter ingresado o prezo público.

3. No suposto de usos periódicos, as liquidacións resultantes efectuaranse por meses anticipados e antes do primeiro día do mes a que correspondan.

4. A non celebración do espectáculo previsto só dará dereito a devolución da taxa aboada, ando sexa o propio concello o responsable da súa non celebración, non tendo o solicitante dereito a reclamar danos nin prexuízos.

Artigo 7º.- Comunicacions.- Unha vez resolta a solicitude pola Alcaldía efectuarase a comunicación ós interesados.

Artigo 8º.- Dereito supletorio.- No non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a vixente lexislación de réxime local e demais disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo referido no art. 70.2. en relación co 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.